



Energías y relaciones para crecer. *(fragmento)*

Autores: Maria Mercè Conangla e Jaume Soler
Parramón 2013

A CASA DA PALABRA

Nalgúns poboados de Mali atópase "A Casa da Palabra". A xente vai alí a negociar e a solucionar os conflitos. A casa érguese sobre columnas de pedras ou adobe e non ten paredes. Só está cuberta por un teito de palla e é tan baixa que non é posible estar de pé. Para entrar hai que agachar a cabeza. Así, quen entra recorda que cómpre ser humilde para comunicarse cos demais. A Casa da Palabra carece de mobles e as persoas sentan no chan, unhas fronte ás outras. Se alguén, levado pola ira ou pola paixón da discusión, se levanta axitado para abalanzarse sobre o outro, golpéase a cabeza contra o teito.

A dor que sente recórdalle que é necesario ser paciente e que deixarse levar polas emocións só serve para estropear o diálogo.

